



Número:
2022 / 000946
Fecha: 21/06/2022 14:17

Id.PI.: SE/decreto_PTA

ASUNTO: BANDO INFORMATIVO SITUACION DE SECA PROLONGADA

De acordo cos artigos 21.1 e) e 84.1 A) da Lei de Bases de Réxime Local e á vista da situación de seca prolongada e alerta por escaseza conxuntural e limitación no rego de Monforte de Lemos.

RESOLVO

Primeiro .- Ditar o seguinte BANDO INFORMATIVO DA ALCALDIA:

**SITUACION DE SECA PROLONGADA
ALERTA POR ESCASEZA CONXUNTURAL E LIMITACION O REGO NO VAL DE LEMOS**

O Alcalde, Don Jose Tome Roca, informa os/as monfortinos e monfortinas, de que estamos diante dunha situación hidrolóxica anómala para esta época do ano, na que a precipitación media acumulada na demarcación, é un 43 % por baixo da media histórica, o que provoca que os caudais circulantes polos ríos sexan inferiores aos normais . Por outra banda, os encoros da demarcación atópanse ao 54,7 % da súa capacidade máxima, volume que supón un 14,56 % menor que a cantidade de auga embalsada hai un ano.

Tendo en conta que as previsións para o vindeiro trimestre parecen indicar que esta situación puidera manterse nos próximos meses, é moi importante tomar conciencia e intensificar as medidas de concienciación de cara á poboación en xeral , para prever os efectos deste escenario de seca.

Por todo isto, dende este Concello, recomendamos e solicitamos de todos os monfortinos e monfortinas a súa concienciación para o aforro de auga, evitando consumos innecesarios, e solicitando un uso responsable da mesma, para garantir a seguridade e viabilidade do sistema de abastecemento domiciliario de auga, que a súa vez axudará a manter as condicións mínimas do ecosistema fluvial.

A situación actual, provocou a necesidade de establecer restricións para a campaña de rega de 2022 no Val de Lemos. Así, e co fin de garantir os abastecementos e a calidade da auga para os próximos meses, unicamente será posible proporcionar arredor do 33% da demanda media histórica do regadío.

Por este motivo, a Confederación Hidrográfica Miño Sil acordou coa Comunidade de regantes do Val de Lemos un plan de actuación para dar prioridade a distribución da auga, de tal xeito que está se derivará de maneira intermitente e exclusiva polos Canles Alto e Marxe Esquerda do regadío, que é donde se atopan a inmensa maioría das explotacións profesionais. A escaseza do recurso non permite o subministro ao Canle Marxe Dereita, que, en consecuencia, manterase fora de servizo durante todo o período estival.

Agradecendo de antemán a colaboración veciñal.

Segundo.- Ordenar a publicación deste bando na páxina web municipal, no taboleiro de anuncios, nos diarios de maior difusión na cidade e será notificado os Pedáneos.

MONFORTE DE LEMOS, data da sinatura do Sr. Alcalde
Ordena e asina o Sr. Alcalde
P.D. Decreto de data 24.01.2022
A Primeira Tenente de Alcalde

CSV: 07E600097BDF00Q09G9K5G8K4



DOCUMENTO
FIRMADO
DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E600097BDF00Q09G9K5G8K4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
GLORIA MARIA PRADA RODRIGUEZ-PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE - 21/06/2022 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 21/06/2022 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 21/06/2022 14:17:32

Número : 2022000946
Fecha: 21/06/2022
Hora: 14:17
Persona 34256762X





DECRETO

Id.PI.: SE/decreto_PTA

Certifica e asina o Sr. Secretario

CSV: 07E600097BDF00Q09G9K5G8K4



DOCUMENTO
FIRMADO
DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E600097BDF00Q09G9K5G8K4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

GLORIA MARIA PRADA RODRIGUEZ-PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE - 21/06/2022
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 21/06/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 21/06/2022 14:17:32

Número : 2022000946
Fecha: 21/06/2022
Hora: 14:17
Persona 34256762X

